

Título	De mirar a axudar
Fonte	Compasito #14 http://www.eycb.coe.int/compasito/pdf/Compasito%20EN.pdf
Persoas	2 facilitadores/as
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Aclarar que todos atopamos violencia na vida de moitos xeitos • Resaltar a responsabilidade de respectar e defenderse mutuamente • Reflexionar sobre o que significa ser "axudante".
Enfoque	Os participantes comparten historias sobre momentos en que foron vítima, agresor, espectador ou axudante en situacións de agresións ou violacións dos dereitos humanos.
Materiais	
Descrición	
Tempos	Paso a paso
5'	Lembrarlles aos cativos que a violencia e os abusos, non só físicos, senón tamén verbais e emocionais, son unha violación dos dereitos humanos. Preguntar por exemplos de distintos tipos de violencia e abuso.
5'	Dividir o grupo en grupiños de tres ou catro. Explicar a actividade, asegurándose de que os nenos e nenas entendan cada categoría claramente.
15'	<p>Cada persoa no grupo falará sobre diferentes observacións de violencia e abuso:</p> <ol style="list-style-type: none"> cando viches a alguén ser ferido ou tratado inxustamente; cando participaches en ferir a alguén ou trataches a alguén inxustamente; cando viches a alguén sendo ferido ou tratado inxustamente e ninguén lle axudou; cando viches alguén axudar a outra persoa que estaba a ser ferida ou tratada inxustamente. <ul style="list-style-type: none"> • Comezar sentando en silencio por uns momentos e pensando no que se quere dicir. • Pedir que dean exemplos en cada categoría, un de cada vez.

	<ul style="list-style-type: none"> Asegurarse de que ninguén se sinta cohibido para falar.
10'	<p>Compartir en grupo as observacións. En primeiro lugar, debemos pedir algúns exemplos de persoas que son feridas ou maltratadas, sen distinguir as situacións observadas daquela en que tiveron participación os propios nenos e nenas.</p> <p>Facer unha lista destas "violacións" nunha columna ou gráfica ao carón da que logo engadiremos outra columna: "o que se pode facer".</p>
5'	<p>A continuación, solicítate exemplos na categoría "Axuda".</p>
	<p>Finalmente, cómpre solicitar exemplos na categoría "Persoa á marxe".</p> <p>Pregunta: "Que se podería facer nalgunhas destas situacións como axudante, non como espectador?"</p> <p>Recollermos as respostas na gráfica.</p>
10'	<p>Reflexionar sobre como as persoas poden converterse en axudantes para protexer os dereitos humanos, facendo preguntas como estas:</p> <ol style="list-style-type: none"> Cal das accións suxeridas sería difícil de facer? Cales serían máis fáciles? Hai algunha acción na lista que pensas que ti levarías adiante? Que impide que a xente se axude? Se máis persoas se convirten en axudantes e non en xente que pasa, podería mellorar realmente a situación dos dereitos humanos? <p>Reflexionar sobre como podemos axudarnos uns a outros, facendo preguntas como estas:</p> <ol style="list-style-type: none"> Cales son as calidades e a comprensión que unha persoa necesita para ser un "axudante"; é dicir, tomar medidas que favorezan os dereitos humanos? Que podemos facer para apoiar as persoas que toman a iniciativa a prol dos dereitos humanos? Como podemos animar as persoas do noso grupo a converterse en "axudantes"?

5'	6. Concluir recoñecendo que calquera abuso ou violencia cara aos nenos, incluídas as violencias que cometen os nenos entre si, é unha violación dos dereitos humanos. Estas ocorren en todas as culturas e en todas as partes do mundo. Destacar que a aprendizaxe dos dereitos humanos implica tamén aprender a actuar para protexer os dereitos dos demais. Non podemos acabar con toda violencia e abuso, pero podemos pór fin a que se produza nos nosos espazos.
----	---